



**INFORME COORDINACIÓN
1º SEMESTRE
GRAO EN BIOLOXÍA**

Curso Académico: 2018-2019

Javier Iglesias Piñeiro
Guillermo Covelo Artos
Ana M^a Otero Casal
Francisco J. Salgado Castro

Presentación	p. 1
Primeiro Curso	p. 2
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 2
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 3
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 4
Segundo Curso	p. 6
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS</i>	p. 6
<i>COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO</i> <i>APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E</i> <i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 11
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 14
Terceiro Curso	p. 20
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 20
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 29
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 30
Cuarto Curso	p. 31
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 31
<i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 42
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 43
<i>Anexos</i>	p. 46

Presentación

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no primeiro semestre do curso 2018-2019 (Anexo I), os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso e entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Os coordinadores para o primeiro semestre do curso 2018-2019 son:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. Ana M^a Otero Casal
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)

Primeiro curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

O día 18/2/2019 os estudantes responderon á “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (ver Anexo I). O número de enquisas contestadas foi de 39 no grupo A e de 43 no grupo B. Os resultados da devandita enquisa móstranse ao final do presente informe (ver Anexo II). A continuación preséntanse unha serie de gráficas (Figuras 1-3) que resumen ditos resultados.




Figura 1. Valoracións dos items 1-8 da enquisa nas diversas materias do primeiro semestre do curso 2018-19. Os datos foron separados por grupos (A e B).




Figura 2. Valoracións promedio de cada materia do primeiro semestre do curso 2018-19. Os datos foron obtidos soamente tendo en conta os items 1-8 e os dous grupos de estudantes (A e B).




Figura 3. Nivel de esfuerzo e horas de traballo persoal en cada materia do primeiro semestre do curso 2018-19. Os datos foron obtidos soamente tendo en conta os items 9 e 10 da enquisa e os dous grupos de estudantes (A e B).

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

- Data 13 de marzo de 2019
- Asistentes: Javier Iglesias Piñeiro (coordinador de primeiro curso); Neima Fernández Espín (representante do grupo A) e Andrés Rodríguez Meira (representante do grupo B).
- Puntos da orde do día:
 1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias impartidas no semestre.
 2. Dúbdas, recomendacións, queixas, suxestións de calquera tipo.

Con respecto ao punto 1, os representantes sinalaron que tanto o modelo de enquisa como os resultados obtidos lles parecen satisfactorios. Con respecto ao punto 2, os representantes sinalaron os seguintes temas:

Para a materia BIOFÍSICA, consideran que os contidos que se imparten durante aproximadamente os 2 primeiros meses do curso son reiterativos con contidos que estudaron no bacharelato e que, polo tanto, os atopan pouco útiles.

Para a materia QUÍMICA PARA BIOLOXÍA, consideran as explicacións dadas polos profesores en relación coa resolución de exercicios (que son de realización obrigatoria e constitúen materia de exame) como moi deficientes. Sinalan tamén que algúns temas que figuran no programa da materia non se impartiron.

Para la materia BIOLOXÍA DA CÉLULA sinalan que o tempo que se da para la realización dos exames é insuficiente, considerando a amplitude do temario e o tipo de probas que se realizan.

Sinalan que debería evitarse que algunhas prácticas se impartan antes dos contidos teóricos relacionados con ditas prácticas, tal como ocorre en XEOLOGÍA e FUNDAMENTOS DE BIOLOXÍA ANIMAL E VEXETAL.

Finalmente, os representantes valoran moi positivamente os controis periódicos que se realizan en XEOLOGÍA.

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

- Data: 30 de outubro de 2019.
- Asistentes:
 - Carmen Rodríguez (secretaria do Dpto. de Matemática Aplicada)
 - Xabier Pontevedra (Xeología)
 - Diego Martínez (Biofísica)
 - Javier Iglesias (Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal)
 - Jesús Lamas (Bioloxía da Célula)
 - Ricardo Alonso (Química para Bioloxía, curso 2019-20)
 - Teresa Taboada (Técnicas Básicas)
 - Miguel A. Rodríguez (Bioloxía de Tecidos e Órganos)
- Puntos da orde del día:
 1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias realizadas polos estudantes, e da reunión cos alumnos-representantes.
 2. Dúvidas, recomendacións, queixas, suxestións de calquera tipo.

Os asistentes atopan satisfactorios os resultados das enquisas realizadas polos alumnos.

O novo coordinador de QUÍMICA PARA BIOLOXÍA no actual curso 2019-20 sinala que é coñecedor de toda a problemática que houbo con esta materia no curso 2018-19 e en cursos anteriores. A ese respecto indica que todo o profesorado implicado na docencia de esta cambiou e que se introduciron algunhas modificacións na guía docente, co cal confía en que todos os problemas queden solucionados.

O coordinador de BIOFÍSICA sinala o seguinte con respecto ao indicado polos alumnos-representantes; por un lado, que os contidos que imparten ao principio de curso, e que os

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía

estudiantes cualifican de reiterativos con contidos que estudiaaron no bacharelato, ocupan soamente un par de semanas, e que en nunha reunión de coordinación vertical mantida fai varios cursos, os profesores da área de Fisioloxía Vexetal insistiron na importancia que tiña para os estudantes un bo dominio deses contidos; con respecto ao sinalado polos alumnos no segundo semestre (que o seguimento da materia durante o segundo semestre se vira dificultada pola participación na docencia de varios profesores diferentes e a explicación dos temas seguindo unha orde que non se corresponde coa que figura no programa da materia), o coordinador indica que elo debeuse a unhas circunstancias particulares que se produciron na área nese momento, pero que non é o habitual e que confía en que non se repita dita situación.

Carmen Rodríguez, do Dpto. de Matemática Aplicada, sinala que transmitirá á coordinadora de Matemáticas, Pilar Mato, así como á coordinadora de Bioestatística, a opinión dos alumnos relativa a recibir máis formación sobre o uso do paquete informático R.

Finalmente, a coordinadora de TÉCNICAS BÁSICAS sinala que xa se realizaron consultas sobre a posibilidade de que o persoal da Biblioteca que imparte parte da docencia teña acceso á aula virtual da materia para facilitarlles o acceso ao material e outros recursos relacionados coa materia, pero que non é posible por non tratarse de PDI.

Segundo Curso

Este informe é o resultado da reunión do coordinador de 2º curso, **prof. Guillermo Covelo Artos**, mantida o 29 de marzo de 2019 coas representantes de alumnos/as de 2º curso **Andrea Estrella Arias Díaz** (grupo A) e **Xulia Noya Falcón** (grupo B), e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º (un total de 54 do grupo A e 67 do grupo B) distribuídas durante unha clase o 11/02/2019. Inclúense tamén os resultados de valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en case tódolos casos, e nalgúns rozando o 3, como Botánica I) para tódalas materias. A excepción é Zooloxía I no grupo A (por debaixo de 2) nas dúas preguntas. No grupo B, Zooloxía I ten valores na media das outras materias. No resto das materias, as diferenzas entre grupos son como máximo de 0,3 puntos (nesta marxe, as máis destacadas están en Bioquímica I, na pregunta 2 e Xenética I na pregunta 1).

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), os resultados mostran valoracións moi homoxéneas en tódalas materias e entre grupos. A que obtén maior puntuación en ambos grupos é Botánica I (2,7 no grupo A e 2,6 no B). O resto de materias están entre 2,3 (Xenética I no A) e 2,5 (Biología do Desenvolvemento en ambos grupos e Zooloxía I no B).

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral máis baixa que as anteriores e máis dispar entre materias, aínda que non así entre grupos, agás en Zooloxía I (2,1 no grupo B e 1,3 no A) e Botánica I (2,6 no A e 2,1 no B). En xeral, están peor valoradas en Biología do Desenvolvemento (valoración menor de 2 nos dous grupos), e no resto lixeiramente por enriba de 2, pero destacando a xa mencionada Botánica I no grupo A e Xenética I no grupo B (2,4).

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) están en xeral ben valoradas polos/as alumnos/as, pero só cunha materia por enriba de 2,5 nos dous grupos (Biología do Desenvolvemento, 2,7 e 2,6 en A e B, respectivamente). En Botánica I as valoracións son lixeiramente inferiores (2,5 e 2,4 en A e B, respectivamente), similares ás de Bioquímica I (2,4 nos dous grupos) e Xenética I (2,2 e 2,3 en A e B, respectivamente). En Zooloxía I hai unha lixeira diferenza entre grupos e globalmente acádanse as valoracións máis baixas neste apartado (no grupo B o resultado é de 2,2 e no A de 2, a máis baixa no conxunto). Como se ve, as valoracións son moi homoxéneas en tódalas materias, sendo a maior diferenza de só 0,2 en Zooloxía I.

A valoración máis alta no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) a teñen Bioquímica I (2,9 e 2,8 nos grupos A e B, respectivamente) e Xenética I no grupo B. Neste segundo caso resulta destacable a diferenza co grupo A onde a valoración é 0,6 puntos inferior. Nas outras

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía

dúas materias (Botánica I non ten seminarios), os resultados son notablemente máis baixos. En Bioloxía do Desenvolvemento non hai diferenzas entre grupos (1,8), mentres que o resultado é de novo máis heteroxéneo en Zooloxía I (1,2 no grupo A e 1,9 no B) e globalmente o máis baixo.

A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) indica que só en Botánica I (2,8 no grupo A e 2,7 no grupo B), en Bioloxía do Desenvolvemento (2,6) e en Bioquímica I (2,5), ambas no grupo A, parece haber un grao notable de satisfacción por parte dos/as alumnos/as. É de destacar a diferenza de 0,5 entre grupos nesta última materia, xa que a valoración no grupo B foi a segunda máis baixa de todas. No caso de Bioloxía do Desenvolvemento, a valoración no grupo B só foi 0,2 puntos inferior que no A, é dicir, 2,4, igual valor que en Xenética I nos dous grupos e no grupo B de Zooloxía I. O outro grupo desta materia, destácase de novo por ter a valoración máis baixa de todas, 1,5, o que mostra un importante desagrado do alumnado.

As materias mellor valoradas na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) no grupo A son Xenética I e Bioquímica I (2,5), pero mentres a primeira acada mellor valoración no B (2,7), a segunda o contrario (2,1). Bioloxía do Desenvolvemento (2,2 no grupo A e 2,5 no B), como vemos, presenta algunha variación entre grupos, no mesmo grao que Botánica I (2,4 no grupo A e 2,1 no B). Seguindo coa tendencia vista noutros apartados, en Zooloxía I atopamos de novo as maiores diferenzas entre grupos e a valoración máis baixa (1,6 no A e 2,2 no B). Coa excepción de Bioquímica I, as valoracións neste apartado foron todas inferiores (entre 0,2 e 0,3 puntos en tres materias e 0,6 puntos en Zooloxía I) no grupo A.

A materia que se destaca no maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Zooloxía I, que recibe un 2,8 no grupo B e 3 no A. Nun seguinte chanzo están, con valores similares, Bioquímica I (2,6 e 2,7), Bioloxía do Desenvolvemento, (2,7 e 2,3) e Xenética I (2,4 e 2,7) (en todas, grupos A e B, respectivamente). Como se aprecia, nestas dúas últimas materias hai diferenzas destacables entre grupos. No chanzo máis baixo de dificultade está Botánica I, sen diferenzas entre grupos (1,7 nos dous).

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten as valoracións da pregunta anterior. De novo, a materia de Zooloxía I (2,8 grupo A e 2,5 grupo B) é a destacada, e onde vemos diferenzas de certa importancia entre grupos. O resto de materias teñen uns valores máis próximos. Bioquímica I 2,3 nos dous grupos; Xenética I 2,1 no grupo A e 2,3 no B; Bioloxía do Desenvolvemento 2,4 no A e 2 no B. Vemos que nesta materia hai tamén diferenzas notables entre os dous grupos, xa vistas na pregunta anterior. Novamente, Botánica I destácase como a que requiriu menos horas de traballo do/a alumno/a cun valor de 1,4 en ambos grupos.

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESEÑO DAS MATERIAS

CURSO 2018-19. 2º CUADRIMESTRE.

A escala de valoración de cada pregunta da enquisa foi dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenrolo da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1 baixo, 2 medio, 3 alto**).
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1**: < 3 horas/semana, **2**: 3-6 horas/semana, **3**: > 6 horas/semana).

A continuación preséntanse táboas resumo cos resultados da enquisa. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

Número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas):

Botánica I: 45 (A), 53 (B)


Zooloxía I: 50 (A), 60 (B)

Bioquímica I: 50 (A), 60 (B)


Xenética I: 50 (A), 65 (B)

Bioloxía do Desenvolvemento: 47 (A), 53 (B)


BOTÁNICA I. Media: G. A: 2,67; G. B: 2,47




ZOOLOGÍA I. Media: G. A: 1,69; G. B: 2,3




XENÉTICA I. Media: G. A: 2,38; G. B: 2,58



BIOQUÍMICA I. Media: G. A: 2,54; G. B: 2,36



BIOL. DES. Media: G. A: 2,34; G. B: 2,33



COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenvolvemento do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observación e suxestións.

Cuestións xerais

Hai un comentario en cada grupo (e logo algúns específicos nalgúns materias) que piden un cambio no formato de impartir os contidos para facelos “chamar a atención ou interese do alumnado” e para ter un estudo “máis eficiente e non só de cara ao exame”. A representante do grupo A considera que non se observa a diminución de contidos asociada á redución das clases expositivas, que o profesorado vai moi rápido nas exposicións para dar a mesma materia que antes e que nese caso sería mellor volver a ter máis clases expositivas. Como en cursos precedentes, vólvese a apuntar en dous comentarios, por un lado que hai demasiada carga presencial, e por outro lado que hai actividades interactivas (sen especificar) que son “unha perda de tempo”.

No grupo A coméntase que os/as profesores/as deben aclarar con máis precisión cal vai ser o tipo de exame. Neste sentido, no grupo B un alumno/a pide que se respecten as datas dos exames parciais e sexan establecidas a principio de curso. Preguntada a representante de grupo a este respecto non soubo concretar onde se ten producido concretamente este problema. Tamén no grupo B se di que é necesario procurar que as datas de entrega/exposición dos traballos en grupo ou individuais non estean tan próximas ás dos exames. Como se comentará tamén nalgunha materia en concreto, tamén se pide que a realización das prácticas de laboratorio sexa posterior a tratar a parte teórica de cada tema. A este respecto o coordinador sinala os problemas que hai para a confección dos horarios nun cuadrimestre e que é moi difícil que esta coordinación se poida cumprir en todas as materias. A continuación relátanse os comentarios máis habituais detallados por materias.

Xenética I

Apenas hai comentarios a esta materia. Só no grupo A se di que os seminarios son moi curtos e apenas da tempo a facer os problemas. As representantes non comentan incidencias nesta materia e mostran a súa satisfacción coa docencia recibida.

Bioloxía do Desenvolvemento

Esta materia, segundo un comentario do grupo A, é unha das que “deben

cambiar o formato de docencia”. No grupo B houbo máis comentarios. Por unha banda, un/ha alumno/a queixase dos horarios seguidos pola profesora, que reiteradamente non respectaba a hora de comezo e final das clases expositivas. A representante do grupo A indica que isto tamén ocorría no seu grupo co outro profesor de expositivas. En dous comentarios do grupo B sinalase que se debería dar máis valor para a nota final ao traballo dado o elevado esforzo que supuña. Neste sentido, as representantes poñen de manifesto que os contidos e nivel de esixencia destes traballos nos dous grupos era moi dispar, moito máis “sinxelos” no grupo A que no B. Como se indicou máis arriba, nesta materia solicítase explicitamente que a realización/entrega dos traballos estea máis repartida no cuadrimestre e non tan solapada coas datas dos exames de decembro.

Botánica I

Un par de comentarios no grupo B (e tamén reflectido pola representante do grupo A) critican que as prácticas foron previas ao estudo da materia vista en expositivas e que iso complica moito o aproveitamento destas e a realización do exame correspondente. No grupo A ademais critican que o exame de prácticas consistía en “memorizar o guiión de prácticas”. Vótanse en falta saídas ao campo (1 comentario no grupo B e queixa compartida en ambos grupos e transmitida por ambas representantes). A representante de alumnos/as o grupo B comenta que a algúns/has compañeiros/as lles resultou un pouco molesto que houbera 3 profesoras diferentes (esta situación ocorreu nos dous grupos) en expositivas para un só cuadrimestre. Non mostran, sen embargo, críticas á docencia recibida, só á necesidade de “adaptarse” a tres formas diferentes de dar clase.

Bioquímica I

A temática xeral dos comentarios dos/as alumnos/as con respecto a esta materia xiran en torno á segunda parte da docencia expositiva, impartida por outro profesor (os dous profesores impartiron os mesmos temas aos dous grupos). En 5 comentarios do grupo A e 4 do B, fanse críticas ao segundo profesor polo seu modo de dar clase, non concretar os contidos, ser confuso na explicación e desorganizado nos contidos, non resolver as dúbidas do alumnado, e en definitiva, que as clases eran pouco útiles e houbo moita xente que deixou de asistir. As representantes indican que estas opinións negativas cara ao profesor son xeneralizadas en ambos grupos. No grupo B, un/ha alumno/a indica que se deberían axustar mellor as clases aos criterios de avaliación, sen especificar a parte da materia ou actividades interactivas concretas. Tal vez neste sentido, outro comentario do grupo B indica que os seminarios 4 e 5, correspondentes á segunda parte da materia, “tiñan preguntas que non se parecían ás que despois se

fixeron no exame.” A representante do grupo A tamén indica que as preguntas do exame correspondentes á segunda parte eran difíciles de comprender e se desviaron un pouco do explicado en clase. Solicítase, tamén dende o grupo B, que o traballo en grupo teña máis valor de cara á nota final. Neste aspecto, a representante do grupo A solicita que as temáticas destes traballos sexan máis variadas en non só centradas en enzimas, que se poidan abordar outras temáticas da materia. Finalmente, ambas representantes indican que os/as compañeiros/as teñen notado algunhas diferenzas nos contidos xerais e no nivel esixido destes traballos segundo fose o seu titor/a.

Zooloxía I

Esta materia foi a que concentrou máis críticas e comentarios negativos en ambos grupos. Estes van dende a gran extensión do temario teórico (6 no grupo A e 4 no B), que ten un nivel de esixencia moi alto (4 no grupo A), que é necesario ter un exame parcial (4 no grupo B), que é unha docencia memorística que debe cambiarse (1 comentario en cada grupo), que as horas de clases expositivas están mal aproveitadas e non serven de moito (1 comentario do grupo A) e que require un nivel de esforzo e dedicación moi altos que non teñen reflexo na nota (1 comentario no A). A representante do grupo A indica que o estudo e preparación desta materia restou moito tempo para outras materias, e que mesmo moitos/as estudantes decidiron non preparar algunha para centrarse nesta, o que tampouco lles asegurou moito éxito en Zooloxía I. No grupo A tamén indican que non se respectou a programación nin a guía docentes (1 comentario) e que os seminarios non seguiron o horario establecido (1 comentario). No grupo B só se mencionan os seminarios para comentar a súa utilidade e que xeraron grande interese (1 comentario). A este respecto, a representante do grupo A pon de manifesto que no seu grupo os contidos dos seminarios foron diferentes e non os atoparon tan “interesantes”, que basicamente eran clases expositivas do profesor. Tanto as representantes como nunha enquisa do grupo B solicítase que haxa saídas de campo nesta materia. Con respecto ás prácticas, tanto nun comentario no grupo B como as representantes, mencionan que as prácticas foron previas ao estudo dos contidos correspondentes en expositivas. Aínda que só mencionado nunha enquisa do grupo A, ambas representantes solicitan que os 3 exames non se fagan ao mesmo tempo e se poidan facer polo menos o de *visu* e o de prácticas antes do final (ademais da anterior solicitude dun exame parcial). Por certo, no grupo B solicita un/ha alumno/a que o exame final desta materia se faga en decembro en non despois das vacacións.

Como se observa no arriba indicado e tamén se reflicte nas valoracións numéricas da enquisa, existen cuestións intrínsecas á materia comúns aos dous grupos, pero tamén se teñen dado outras situacións específicas co profesorado. En concreto,

son numerosas (8 comentarios nas enquisas e o exposto pola representante do grupo) as críticas directas presentadas contra o profesor de expositivas do grupo A, que van dende o seu xeito de impartir docencia, que algún/ha cualifica de “pésima” e cunha corrección do exame “insufriblemente esixente para o nivel da materia”, ata cuestionar a súa actitude e trato cos/as estudantes. Estes/as citan algúns comentarios do profesor feitos na aula (e mesmo durante o exame durante largo tempo) que, segundo a súa percepción, resultaban insultantes e faltos de respecto, ou mesmo vexatorios e intimidatorios. A representante comenta que falaron entre eles/as da posibilidade de presentar unha reclamación oficial contra o profesor, pero que non se decidiron por medo ás posibles represalias e porque aínda queda por realizarse a avaliación de segunda oportunidade, pola que deben pasar moitos/as estudantes dada a alta taxa de suspensos/as e non presentados/as na primeira oportunidade.

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

Este informe recolle as opinións vertidas polos/as profesores/as de 2º do grao en Bioloxía de materias do primeiro cuadrimestre reunidos/as o 12 de abril de 2019.

Concorrentes:

Profa. María Jesús Aira Rodríguez, coordinadora de Botánica I.

Profa. María Belén Gómez Pardo, coordinadora de Xenética I (por videoconferencia).

Prof. Andrés Baselga Fraga, coordinador de Zooloxía I.

Profa. María Isabel Rodríguez-Moldes Rey, profesora de Bioloxía do Desenvolvemento.

Prof. Guillermo Covelo Artos, coordinador de Bioquímica I e coordinador de 2º do grao.

Cuestións xerais

A queixa habitual dos/as estudantes sobre a elevada carga lectiva, segue sorprendendo aos/ás profesores/as dado que se ten producido unha recente diminución das horas expositivas nas materias e tamén, como apunta o **prof. Baselga**, na súa materia deixouse re realizar un traballo (que se viña realizando en cursos precedentes), o que debería supoñer que os/as alumnos/as dispuxesen de máis tempo. De tódolos xeitos, o profesorado presente solicitaría que por parte do decanato se aclarase se a redución de horas expositivas ten que levar emparellada ou non a redución de contidos, porque parece que non está moi claro. En xeral, os/as profesores/as presentes recoñecemos que tratamos de dar os mesmos contidos (o que coincide coa percepción

do alumnado de que se vai moi rápido nas exposicións).

Con respecto ás datas de entrega dos traballos, tamén se di que en moitos casos os/as estudantes esperan ata o último momento para facelo (mesmo naqueles casos onde non hai exposición ou son temáticas que non van emparelladas co seguimento doutras actividades docentes e se poden realizar antes). Polo tanto, o alumnado tamén debe recoñecer a súa parte de culpa por non organizar ben o seu tempo e revisar convenientemente o calendario académico. Non obstante, os/as docentes toman nota desta queixa e tentarán, na medida do posible, non solapar a entrega dos traballos coas datas de estudo de cara aos exames.

Sobre o cambio de formato de impartir os contidos o profesorado mostra o seu escepticismo e solicitan que os/as estudantes sexan máis concretos/as nas súas demandas.

Xenética I

A coordinadora da materia, profa. **Gómez** non fai comentarios específicos sobre a súa materia xa que apenas os houbo por parte dos/as estudantes e se felicita porque os problemas detectados noutros cursos se teñan solucionado.

Bioloxía do Desenvolvemento

A **profa. Rodríguez-Moldes** indica que, xa antes das críticas ao “modelo de docencia” da materia expresadas polos/as alumnos/as, o profesorado implicado, que cambiará en parte nos vindeiros cursos, xa tiña previsto dar un xiro ao formato de seminarios e titorías. Pretenden tamén equilibrar e diversificar os contidos xerais, con máis “presenza do reino vexetal”, na medida do posible.

No relativo ás queixas sobre o cumprimento do horario nas clases expositivas, a **profa. Rodríguez-Moldes** recoñece que os/as alumnos/as teñen razón en ambos grupos. No seu caso o problema é terminar a clase na hora oportuna e tentará corrixilo de agora en diante. Sorpréndelle, sen embargo, que non houbera queixas con respecto ao número total de horas das actividades porque sospeita que no grupo A tiveron máis clases (por enriba da Guía Docente) que no B, dado o formato seguido polo outro profesor. Isto lle fai pensar que ás veces, cando están contentos/as cun profesor/a, se lle “perdoan” algunhas cousas e cando non, se poden magnificar os erros ou problemas nas enquisas.

Sobre as diferenzas entre grupos detectadas no nivel de “dificultade” dos traballos, a **profa. Rodríguez-Moldes** cre que non son tanto nos contidos (aínda que recoñece algunhas diferenzas nas temáticas tratadas) ou esixencia, se non na

obligatoriedade de asistencia. É dicir, no grupo A a asistencia dos/as compañeiros/as como oíntes á exposición foi voluntaria (e non adoitaban a ir moitos/as), e no grupo B foi obrigatoria. E isto, a vergoña ou medo de falar a un público máis amplo, parece que supuña un gran trastorno e preocupación para moitos/as estudantes do grupo B, o cal lle sorprende moito á profesora e lle parece un indicativo preocupante na preparación do alumnado. Non obstante, sabe que estas diferenzas na realización dos traballos/exposicións non están ben e serán corrixidas no vindeiro curso. Tamén considera que estes traballos deben ter un maior peso na nota final da materia e procurará que así sexa no futuro.

Botánica I

A **profa. Aira** está, en xeral, de acordo coas suxestións dos/as estudantes. Espera poder coordinar mellor as datas das prácticas en relación ás expositivas, aínda que considera que nalgúns casos será difícil e máis tendo en conta os calendarios doutras materias. Sobre o número de profesoras en expositivas tamén cre que como máximo deben ser dúas, e que neste curso houbo unha terceira persoa con moi poucas horas por motivos de organización do POD no seu departamento. A idea, de cara ao próximo curso, é que só haxa dúas profesoras para expositivas. A coordinadora considera que ás saídas de campo serían interesantes pero que a súa realización roubaría horas de prácticas de laboratorio (nas que se estudan suficientes e variadas mostras biolóxicas) que son moi necesarias. Ademais, as datas en que ten lugar a materia fan que moitas especies non poidan ser estudadas (ou non axeitadamente) no seu estado natural por cuestións dos seus ciclos biolóxicos.

A demanda sobre os exames das prácticas (cada unha das 5 prácticas tivo o seu exame individual), segundo a **profa. Aira**, debe referirse a dúas en concreto nos que, efectivamente, tiñan un guión demasiado longo. A coordinadora era consciente desta situación e confía que cos cambios previstos no profesorado da materia para o próximo curso estes exames sexan máis homoxéneos.

Bioquímica I

O profesor da segunda parte da materia (os mesmos profesores impartiron os mesmos temas a ambos grupos) xa foi informado durante o curso de algúns dos problemas indicados polos/as alumnos/as. O coordinador da materia solicitoulle (a petición do alumnado) que concretase mellor os contidos avaliados de cara ao exame. Pola súa banda, o profesor indicou que, ademais de deixalo claro na aula, as presentacións utilizadas (a disposición do alumnado no curso virtual) indican claramente

os títulos e epígrafes esenciais dos temas que teñen que ser estudados. Polo menos nas presentacións revisadas polo coordinador, este último punto me parece correcto. Ademais, emprazou aos/ás alumnos/as a trasladarlle todas estas inquiredanzas na aula e a atendelos no despacho. O coordinador da materia descoñece o número de consultas e/ou titorías a este respecto que se realizaron.

Con respecto ao comentario sobre os seminarios 4 e 5 (impartidos polo coordinador pero relativos á parte da materia do profesor sinalado), temos que dicir que os problemas e preguntas foron acordados previamente (algunhas destas levamos facéndoas varios cursos) e o profesor de expositivas deu o seu visto bo. Tamén queremos aclarar, que as preguntas e problemas dos seminarios non son una preparación de cara ao exame (de feito, os propios seminarios teñen unha valoración propia para a nota final), como algúns pensan. De tódolos xeitos, unha das catro preguntas do exame desa parte da materia foi exactamente un problema do seminario 5 e outras, parcialmente, tratáronse no seminario 4. Sobre as preguntas do exame é certo que as da primeira parte foron máis directas e concisas que as da segunda parte, que tiveron unha redacción algo máis complexa (cun enunciado a modo de problema real ou aplicado). Pero en calquera caso foron tamén revisadas polo coordinador, modificadas na súa redacción e axeitadas para o nivel da materia e os coñecementos impartidos polo profesor, segundo el indicou.

Como indican os/as profesores/as na reunión, é normal que haxa diferenzas entre o profesorado no modo de impartir as clases, o cal non ten por que ser malo. É imposible a homoxeneidade total. Como algúns destes problemas xa se produciran outros anos nesta materia, neste curso optouse por repartir os contidos entre os dous profesores e non os grupos, de xeito que todo o alumnado recibise os mesmos contidos e tipos de docencia, e co fin de minimizar as diferenzas e os posibles “agravios” percibidos por algúns/has alumnos/as. En calquera caso, o coordinador da materia trasladará todas estas queixas ao profesor esperando que poidan ser solucionadas ou corrixidas en cursos vindeiros.

Polo que respecta aos traballos en grupo, as suxestións do alumnado serán tidas en conta para discusión entre o profesorado implicado de cara ao vindeiro curso. En canto ás temáticas destes, decidiuse, xa hai anos, centralas só en encimas de aplicación industrial/biotecnolóxica para dar maior homoxeneidade aos contidos e formato nos diferentes grupos. Sobre as diferenzas de criterios entre os/as distintos/as titores/as dos traballos, o coordinador ten que apuntar que se delimitaron (entre todos/as os/as profesores/as implicados/as) tódolos contidos básicos a esixir (presentados ao alumnado na primeira titoría e no curso virtual) para tódolos traballos. Non obstante, volveremos a revisar eses aspectos para tratar de evitar os problemas detectados.

Zooloxía I

Os comentarios sobre a dificultade da materia e a extensión do temario non sorprenden ao **prof. Baselga** posto que son habituais. E a súa resposta tamén: “os contidos son amplos porque así veñen determinados para esta materia e os/as profesores/as deben cingirse a eles”. As diferenzas no grao de esforzo percibidas nos dous grupos están achacadas ás diferenzas de estilo entre os profesores porque cre que os contidos foron iguais en ambos grupos, aínda que con diferente orde.

Sobre as críticas aos incumprimentos da guía docente e horarios de seminarios no grupo A, o **prof. Baselga** indica que os horarios de seminarios foron cambiados por igual en ambos grupos e que, en todo caso, o cumprimento máis escrupuloso se realizou no grupo A e non no B (o seu). Sen embargo, apunta, que parece claro que, dados os conflitos ocorridos co profesor do grupo A, parte do alumnado o acusa de cousas que non son certas. A pesares de que si existe comunicación entre ambos profesores e que discutiron a incorporación de cambios na guía docente (que loxicamente afectasen a ambos grupos), o profesor do grupo A preferiu seguir coa guía xa existente, coa que se sentía máis cómodo, razón pola que non foi modificada. Neste sentido, o **prof. Baselga** asegura que os cambios no seu desenrolo docente que introduciu no grupo B (como alternar na mesma semana horas expositivas e seminarios interactivos, e os contidos destes) foron realizados, segundo o seu criterio, para mellorar a docencia e facela máis dinámica e interesante. Este aspecto aparece confirmado polas mellores valoracións do grupo B que o A na enquisa. Non quere, con isto, cuestionar a valía do outro profesor, nin moito menos, só mencionar que teñen xeitos e criterios diferentes de realizar a súa labor docente. E sobre o material docente (tamén criticado pola alumna representante) empregado por este profesor na aula e posto á disposición dos/as estudantes, só ten eloxios pola súa calidade e abundancia.

Sobre a coordinación no calendario de contidos de prácticas e expositivas, o coordinador da materia toma nota para tratar de corrixilo no futuro. E no referente á solicitude de saídas de campo, **prof. Baselga** indica que se viñan realizando en anos anteriores pero que requirían a mobilización de moito profesorado (5 profesores/as, indica) durante moitas horas, e que iso non se reflectía na súa carga de horas docentes, polo que deixaron de facela ata resolver este problema.

O coordinador de Zooloxía I está disposto a estudar, xunto co resto de profesorado da materia, as solicitudes de facer por separado os exames prácticos e a de adiantar no calendario a data do de teoría. Con respecto a isto último, creo que houbo un intento de facer un exame alternativo antes das vacacións de Nadal (fora da data oficial) que supuxo unha reclamación por parte do profesorado doutra materia de

segundo.

Para finalizar, e como xa lle comentou o coordinador de curso ás alumnas representantes, o coordinador da materia cre que moitos aspectos das queixas directas ao profesor do grupo A superan o ámbito dos informes de coordinación e o labor destes coordinadores, e deben ser canalizados por outras vías, se o consideran oportuno. O **prof. Baselga** era coñecedor destes problemas e trasladou as queixas dos/as alumnos/as ao profesor pero, como se di arriba, non se sinte capacitado para mediar neste tipo de cuestións alumnado/profesor. Non sabe exactamente cal é a orixe deste problema, con que número de estudante(s) se ten producido, nin as palabras ou expresións exactas que se empregaron. Non obstante, estas acusacións sorprenden moito ao **prof. Baselga** posto que di que este profesor sempre ten con todo o mundo un trato, educación e comportamento exquisitos.

Terceiro Curso


ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Non se produciron incidencias de relevancia durante o semestre. O informe sobre a Diferencia de cualificacións entre os diferentes grupos de Clases Expositivas, soamente revelou diferenzas significativas na materia Xenética Evolutiva, cuns mellores resultados no Grupo B con respecto ao Grupo A, como xa ven sucedendo nos cursos anteriores.


Se recolleron no mes de Xaneiro un total de 64 enquisas, das que 29 correspondían ao Grupo A e 35 ao Grupo B. Destas, un total de 21 tiñan comentarios na sección Observacións e suxestións (11 no grupo A e 10 no grupo B). Este número é similar ao número de enquisas recollidas no curso 17/18 (57). O informe de diferenzas de número de aprobados entre grupos non revelou diferenzas significativas, excepto para materia Xenética Evolutiva, con un 41% de aprobados no grupo A e un 59% no grupo B.

Como se acordou en reunións previas, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Tampouco se tiveron en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas. A pesares de non existir diferenzas importantes na cualificacións entre os grupos para a maioría das materias, a valoración media dos items 1-8 foi maior no grupo A para as materias Ecoloxía, (2,28 fronte a 2,18) Fisioloxía Vexetal I (2,67 fronte a 2,28) e Microbioloxía I (2,64 fronte a 2,41). En Fisioloxía Animal I non se observan diferenzas importantes entre os grupos (2,55 fronte a 2,58). Polo contrario, a valoración da materia Xenética evolutiva foi maior no grupo B (2,82) ca no grupo A (2,65). Todas as materias, excepto Ecoloxía I, melloraron a súa valoración en comparación cos resultados obtidos no curso 17/18.

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía



Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas con menos dun 50% de respostas (valor 0 ou branco).



Evolución da valoración xeral das materias (items 1-8) do segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 17/18 e 18/19, nos que se utilizou a mesma enquisa.

En canto aos comentarios xerais, as enquisas coinciden en poucos comentarios, aínda que varias delas comentan que sería adecuado acompañar os contidos teóricos aos das clases prácticas e seminarios, afectando principalmente a materia de Ecoloxía I. Diversas enquisas (4-5) coinciden na dificultade e eleva exigencia das materias

Fisioloxía Vexetal I e Fisioloxía Animal I, o que se reflicte tamén nas puntuacións acadadas por estas materias nas preguntas 9 e 10, indicando que sería beneficiosa a realización de exames parciais.


A representante dos alumnos expresa a satisfacción xeral co calendario de exames, realizando os exames das materias Ecoloxía e Microbioloxía I antes das vacacións de Nadal.

Os coordinadores das Materias Fisioloxía Vexetal II e Xenética Evolutiva expresan a súa satisfacción xeral polas valoracións acadadas nas enquisas, que son en xeral moi boas. Ambos comentan que o próximo ano haberá cambios nos profesores encargados desas dúas materias, o que podería afectar tanto á organización coma á percepción dos alumnos. Abondase no comentario xa realizado noutras reunións sobre a pouca capacidade dos alumnos para cuantificar o esforzo realizado para superar as distintas materias (Pregunta 10) guiándose máis pola percepción xeral da dificultade das materias que polo cálculo real do número de horas dedicadas.

Valoración das materias.

Ecoloxía I (Coordinador: Prof. Alejo Carballeira Ocaña)

Contestaron a enquisa un total de 52 alumnos para esta materia. A valoración media das respostas foi de 2,21 tendo en conta as preguntas 1-8 e 2,16 tendo en conta as preguntas 1-10. Non se considerou para a realización das medias o valor da pregunta 4, ao non acadar un 50% de respostas (en branco na figura).



Informe Coordinación 1º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía


- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

En canto aos comentarios incluídos nas enquisas, estes comentan o desfase no tempo entre os contidos teóricos e a realización das prácticas. Varias enquisas poñen de relevancia o interese das prácticas de ordenador, mentres que 2 enquisas atopan pouco útiles as prácticas de laboratorio. A representante do grupo B comenta que considerouse pouco adecuada unha actividade (memoria) que non foi obrigatoria para todos os grupos de prácticas e que ademais non foi puntuada. O Prof. Carballeira puntualiza que nas prácticas de Ecoloxía non está programada a entrega de unha memoria. Os alumnos traballan de xeito individual con datos que cada grupo de traballo ten que poñer á disposición do resto dos grupo para poder finalizar a práctica. Esta organización leva aplicándose varios cursos sen problema, pero este ano algún dos grupos non pasou os resultados aos seus compañeiros, polo que o coordinador veuse obrigado a solicitar os datos por escrito. Tratouse polo tanto dun problema puntual, non tratándose dunha actividade que poda ser valorada como tal.

Aínda que se presentou durante o curso un problema sobre a recuperación e o número de clases teóricas desta materia no grupo B, este feito non se reflicte nas enquisas, aparecendo o comentario soamente en 1 enquisa deste grupo. A representante do grupo B corrobora que os problemas cos horarios foron de pouca relevancia e que se atopou una solución consensuada.

Fisioloxía Animal I (Coordinadora Profa. Celia Pombo Ramos)

Contestaron a enquisa un total de 53 alumnos para esta materia. A media dos items 1-8 foi de 2,57, mentres que para os items 1-10 foi de 2,59. Non se tivo en conta o valor da pregunta 4 por non acadar o 50% de respostas (en branco na figura). A diferenza doutras materias na que a valoración é maior no grupo A de xeito consistente, para esta materia os grupos compórtanse de xeito errático para as distintas preguntas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).


En canto aos comentarios nas enquisas, diversas (5) coinciden nas dificultades da materia e a gran cantidade de contidos, o que se reflicte na elevada nota acadada na pregunta 9. Dúas enquisas sinalan que se reduciu o número de horas de teoría, pero non o temario, co que aumentou o esforzo requirido para superala. Sinalan tamén que debido á extensión dos contidos, sería conveniente valorar a posibilidade de facer un exame parcial. Contraditoriamente, algúns alumnos (2) comentan que nos seminarios prodúcese unha dobre avaliación de contidos, xa que os mesmos contidos avalíanse no seminario e no exame de teoría.

A coordinadora da materia, en representación dos profesores encargados da docencia, expresa a súa preocupación pola baixa nota acadada na pregunta 5, sobre

as prácticas da materia. Comenta que ademais dos problemas derivados da falta de recursos que permitan a reorientación dos contidos das mesmas, os profesores pensan que a baixa puntuación pode derivarse de certo desfase entre as clases teóricas e prácticas, que poden resultar en dificultades para entender as prácticas nalgúns grupos. Trátase dun problema que tamén se produce noutras materias e que ten difícil solución debido á saturación dos calendarios de actividades dos alumnos e a dificultade de organizar as prácticas cara ao final do cuadrimestre, no mes de decembro. En canto ao comentario sobre a redución das clases presenciais, a coordinadora sinala que o cambio foi efectivamente na presencialidade, pero que o número de créditos da materia non cambiou, polo que esas horas pasaron a ser traballo individual dos alumnos. O número de temas impartidos foi o mesmo que o ano anterior, pero o tema de menor dificultade, sobre o sistema dixestivo, impartíuse en menos horas, facilitando o material para que os alumnos puideran rematar o estudo de xeito independente. Os profesores da materia expresan a súa satisfacción co resultado xeral da enquisa, que mellorou con respecto ao do ano pasado, tendo en conta que un dos dous profesores encargados era novo nesta materia.

Fisioloxía Vexetal I (Coordinador: Prof. Javier Sampedro)

Contestaron a enquisa un total de 57 alumnos para esta materia. Nesta materia a valoración dos ítems 1-8 foi de 2,44, mentres que para os ítems 1-10 foi de 2,48. Neste caso utilizáronse todos os datos para a realización das medias, xa que todas as preguntas acadaron un 50% de respostas. Como ocorre noutras materias, a valoración é maior no grupo A ca no grupo B, a pesar de que non existiron diferenzas entre grupos no número de aprobados da materia.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Algunhas enquisas (4) sinalan o exceso de contidos e a dificultade da materia, indicando a conveniencia da realización dun exame parcial. Mentres que 3 alumnos sinalan a utilidade dos seminarios e considerando nun caso que o método pedagóxico é excelente, 4 enquisas sinalan que os seminarios resultan pouco útiles, precisándose máis axuda por parte dos profesores para a resolución das tarefas, e proporcionar a solución aos exercicios.

A saída de campo está considerada como mal organizada por 2 alumnos/as (un/ha en cada grupo), indicando por un lado que é moita información de especies en pouco tempo sen ter un guión que seguir; e por outro lado, que son “bastante fútiles máis allá de dar un paseo”. As representantes, sobre todo a do grupo A, reafirman a primeira idea. Cren que se podería traballar un pouco máis na clase o que se vai ver despois na saída de campo, e dar un guión coas especies e glosario a empregar (segundo din, hai termos e especies que non se viron aínda en clase e os colle sen coñecementos previos para aproveitar mellor a actividade). No grupo A solicítase que as presentacións das clases sexan máis claras e esquemáticas.

Con respecto ao **Prof. S. Ortiz Núñez**, tanto no grupo A como no B (3

comentarios) como as representantes de alumnos/as, indican que foron reiteradas as súas faltas de puntualidade co inicio e final das clases expositivas. Estas últimas indican tamén, que este profesor impartiu unha parte da materia (que incluía 40 ou 60 diapositivas e que despois foi preguntada no exame) dun xeito “moi rápido, precipitado e caótico”. Segundo estas alumnas, cando o alumnado preguntou que era o máis importante e substancial desa parte, o profesor non deu unha resposta concluínte e aclaratoria. Nun comentario do grupo A indícase a satisfacción co **Prof. J. Rodríguez Oubiña**, e noutro, do grupo B felicitan ao profesorado da materia pola súa “xestión”.

Zooloxía II

Poucos comentarios relativos a esta materia. En 4 deles (2 por grupo) ponse de manifesto o grao de satisfacción do alumnado cos profesores encargados das expositivas, con parabéns ao seu labor. De novo, hai un comentario no grupo B que destaca a boa “xestión” do profesorado da materia. Un/ha alumno/a máis crítico/a do grupo B di en observacións que as prácticas foron “poco interactivas y acaban siendo cargantes e insulsas”.

Bioquímica II

Esta materia é o exemplo que poñen algúns/has alumnos/as (3 no grupo B) de temario excesivo e moita carga de estudo (sumada ao esforzo do traballo), que mesmo un deles/as di que se estende aos seminarios. Neste sentido, noutras enquisas (4 en total e tamén expresado polas representantes) din que nos seminarios se dedicou demasiado tempo a temas de sinalización celular (que logo apenas entraron no exame) o que supuxo menos tempo para a realización de problemas.

Tanto as representantes como nun comentario do grupo B, solicitan que se deixen as presentacións de clase no curso virtual, ou polo menos que se deixe un guión cos apartados a tratar e a estudar. Isto axudaríalles moito a centrar o estudo e reduciría o tempo dedicado á busca de información e figuras.

A pesar de que hai un comentario no grupo A indicando que os profesores da materia, a pesares de ser esixentes, explican moi ben, tamén hai voces críticas con respecto ao profesor que imparte as clases expositivas. Por un lado, no grupo A dise que as clases son “intimidadoras” e pouco “relaxadas”, en o B (2 comentarios) falan dun trato do profesor co alumnado “pouco axeitado”, e que ás veces fai “preguntas retóricas para ridiculizalo”.

Para terminar con esta materia, un/ha alumno/a fala de que non se cumpriu a guía docente e se modificaron os criterios de avaliación a final de curso (“o 1 de maio”) sen notificalo ao alumnado. Non se especifica en que consistiron estes cambios nin a

súa transcendencia de cara á nota.

Xenética II

Novamente aparece o comentario do/a alumno/a do grupo B felicitando ao profesorado pola súa “xestión”. Sen embargo, a alumna representante indica que a profesora de expositivas deste grupo tiña por costume acabar as clases máis tarde da hora. Felicítase explicitamente ao **Prof. JM. Castro Tubío**, nunha enquisa do grupo A, pola súa dedicación e calidade das explicacións, e noutra do grupo B pola utilidade da súa conta de Twitter para facer cuestionarios da materia. A alumna representante do grupo A indica que a pesares de ter sido tres profesores diferentes en expositivas non houbo problemas de coordinación, pero indica que estaría ben que todos deixasen no curso virtual o material empregado nas clases (só un deixou a súa parte).

Bioxeoquímica

A carga de traballo en xeral e nalgún dos seminarios en particular supuxeron a maior parte das críticas nesta materia. Por un lado, no grupo A un comentario indica que os seminarios deberían estar máis relacionados entre si e cun nivel de esixencia similar, posto que percibiu que un deles era moito máis difícil e requiría máis tempo. En concreto parece que o problema estivo no primeiro seminario, que recibe 4 comentarios negativos no grupo A e 1 no B. As representantes matizan estas críticas indicando que dedicaron á parte máis básica do traballo (manexo do Excel) a maior parte do tempo, mentres que a parte máis específica e complexa foi explicada moi rápido e tiveron que terminala pola súa conta, o cal lles levou moito tempo. Ademais, comentan que non entenderon moi ben o significado dos datos e a utilidade desta gráfica (isto último tamén se comenta nunha enquisa do grupo A). Un/ha alumno/a do grupo B é especialmente crítico/a coas actividades interactivas desta materia indicando que deberían reducirse, que “la mayoría de estas actividades no reportan nada y ocupan mucho tiempo”. Tamén no grupo B outro/a indica que a carga de traballo da parte interactiva é desproporcionada e ten pouco reflexo na avaliación. Outro/a alumno/a deste grupo vai máis aló e solicita que se “explique a materia importante e non temas superfluos” e que nalgúns apartados non se aportaba nada novo con respecto a materias de 2º de bacharelato.

No grupo B a representante indica que houbo bastante distancia entre grupos de prácticas e que os últimos foron moi ao final do cuadrimestre, o que lles supuxo ter que facer o informe solapando cos traballos doutras materias e co inicio do estudo para os exames. Solicitan que as prácticas dos distintos grupos estean máis xuntas.

No lado positivo, en dúas enquisas do grupo B considérase moi interesante e útil a iniciativa do “congreso” de Bioxeoquímica, e as representantes utilizan os

mesmos cualificativos para o segundo seminario.

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

Este parte do informe recolle as opinións vertidas polos/as profesores/as de 2º de grao de Bioloxía de materias do segundo cuadrimestre reunidos/as o 10 de outubro de 2019.

Concurríntes:

- **Prof. Juan José Rodríguez Oubiña**, coordinador de Botánica II.
- **Profa. Ana María Viñas Díaz**, coordinadora de Xenética II.
- **Prof. Marcos Andrés González González**, coordinador de Zooloxía II.
- **Profa. María del Carmen Monterroso Martínez**, coordinadora de Bioxeoquímica.
- **Prof. Guillermo Covelo Artos**, coordinador de 2º de grao.

O coordinador de **Bioquímica II** escusa a súa asistencia por ter outra reunión á mesma hora, pero responde a través do correo electrónico aos comentarios do alumnado.

Comentarios xerais

Os/as profesores/as reunidos están de acordo cos/as estudantes que claman por un maior número de horas expositivas, recordando que foron modificadas recentemente por solicitude do propio alumnado (e aprobación en Xunta de Facultade) que se iniciou este curso. A opinión xeral é que non se poden reducir contidos que corresponden á materia segundo os descritores da Memoria de Grao. Recórdase que a devandita redución de horas supuña que esas horas pasaban ao cómputo de traballo persoal do/a alumno/a, e polo tanto todos os contidos deben estudarse igualmente. Esta temática xa foi discutida no informe do curso pasado con máis intensidade xa que fora o primeiro curso onde se fixera efectiva tal redución horaria. As conclusións e opinións neste curso son as mesmas, e de novo o **prof. Rodríguez** móstrase especialmente preocupado polo número limitado de horas expositivas e di, que polo menos no seu caso, supón un prexuízo importante na docencia.

Con respecto á carga de traballo non presencial indícase por parte do coordinador de curso que para o vindeiro curso 2019/20, polo menos nas materias de Bioquímica I e II, se ten suprimido o traballo en grupo, de modo que esta queixa do alumnado de 2º en parte está sendo tida en conta. **A profa. Monterroso** indica que na

súa materia hai pequenos traballos a realizar ao longo do curso, e que a algúns/has alumnos/as tampouco lles gusta ter que entregar traballos cedo. Coméntase que en moitos casos é imposible poñer datas temperás de entrega de traballos porque non se ten explicado a materia ou dado as prácticas correspondentes. A **profa. Monterroso** defende a utilidade dos traballos e exposicións, e pon como exemplo o alto nivel xeral das exposicións nos TFGs, acadado en parte grazas ao adestramento que supoñen estes traballos en cursos previos.

O **prof. González** recoñece que na súa materia o traballo en grupo ten unha valoración baixa na nota final con respecto ao tempo que consume ao alumnado, pero non considera axeitado que sexa moi superior. O problema que observa é o número elevado de alumnos/as por grupo de traballo (7 ou 8 en moitos casos) o que supón, por experiencia propia, que algúns/has si traballan pero outros/as non fan nada. E nin sequera na fase de exposición pode valorar a todos/as porque non hai tempo físico para unha mínima intervención de todos/as os/as membros do grupo ou mesmo que os/as encargados/as de facer a exposición do grupo non asisten á clase. A **profa. Viñas** propón algunhas alternativas para valorar aos diferentes compoñentes do grupo de traballo. Con todo isto, o **prof. González** tratará de revisar e obter un consenso co profesorado da materia para subir á porcentaxe de nota do traballo en grupo, como reivindicaban algúns/has alumnos/as.

Con respecto á queixa que fan alumnos/as do grupo B sobre o desfase entre grupos de interactivas a **profa. Monterroso** recoñece que si ocorreu na súa materia (de feito, tamén o indican nos comentarios específicos por materias), que este malestar xa llo trasladaran a ela. En concreto foron os grupos correspondentes ao alumnado de Dobre Grao que en todas as interactivas eran os/as últimos/as e ás veces cun desfase importante cos outros grupos. Neste sentido, a coordinadora de Bioxeoquímica considera que non é boa idea ter a todo o alumnado de Dobre Grao nun só grupo e que sería máis axeitado que estean mesturados/as segundo os seus apelidos no resto de grupos. Esta opinión é compartida polo resto dos/as profesores/as presentes. Obsérvanse bastantes diferenzas de nivel, actitude, participación, etc. destes/as alumnos/as con respecto ao resto que descompensan os grupos de traballo en seminarios e prácticas, e mesmo en expositivas. Ademais obsérvase que tenden a estar illados do resto do alumnado da materia, con escasa interacción.

Noutra orde de cousas, establécese un pequeno debate entre o profesorado sobre as enquisas para a valoración do profesorado/docencia, tanto as propias da facultade feitas dende coordinación como as “oficiais da USC”. A **profa. Monterroso** indica que tal vez se está saturando ao/á estudante con tanta enquisa, e que por iso

nas “oficiais” o número de alumnos/as que as cobren é moi baixo con respecto ao total de estudantes dunha materia. Tamén se discute sobre a obxectividade das respostas en moitas das enquisas cubertas. A continuación abordaremos os comentarios desagregados por materias.

Botánica II

O **prof. Rodríguez** indica, con respecto ás críticas á saída de campo, que o grande problema é o número de alumnos/as por grupo. Aínda que asisten normalmente os dous profesores de expositivas, con tal cantidade de xente no grupo (por enriba de 40) é imposible que todos/as poidan atender, acercarse e participar, e recoñece que salvo os que están diante e amosan máis interese o resto están máis retirados/as sen intervir. A solución é facer varias saídas con grupos máis reducidos, pero iso non está na súa man.

No relativo á solicitude que fan as representantes sobre dar unha guía previa á saída para revisar de antemán ás especies que van ver na saída de campo, o **prof. Rodríguez** sinala que tal cousa xa se vai. Indícaselles aos/ás alumnos/as a dirección web dunha guía completa de acceso gratuíto da vexetación da área que van visitar. Considera que non ten sentido facer unha guía máis limitada ou reducida tendo esa á súa disposición. Polo tanto, indica que si antes non repasan esa materia é responsabilidade súa. Loxicamente, indica, é inevitable que vexan na saída de campo especies que aínda non se trataron especificamente en clases expositivas.

Pola contra, o coordinador da materia recoñece que facer unha preparación previa da saída de campo utilizando unha clase presencial pode ser boa idea. De feito é unha idea que el xa tiña en mente e dadas estas críticas ten pensado poñela en práctica o próximo curso, a pesares de que supoña “perder” unha ou dúas horas de clases expositivas (a materia non ten seminarios) das que, como se indica arriba, está baixo mínimos para as necesidades da súa materia.

O **prof. Rodríguez** trasladará ao outro profesor da materia os problemas reportados polo alumnado con respecto aos seus incumprimentos dos horarios, posto que sabe perfectamente que son reais. Indica que reiteradamente lle indica que ten que ser máis escrupuloso con este tema pero que “non hai maneira de que cambie”. No relativo aos temas que este profesor impartiu dun xeito “rápido e precipitado” segundo os/as alumnos/as, tamén lle consta ao coordinador que foi algo real pola falta de tempo ao final de curso e espera que non volva ocorrer ou que polo menos se poda dirixir mellor ao alumnado para estudar esa parte dos contidos.

Para rematar, o **prof. Rodríguez** agradece enormemente os comentarios comentarios eloxiosos ao seu labor docente.

Zooloxía II

O **prof. González** agradece os comentarios positivos sobre o labor docente do profesorado de expositivas que expresan algúns/has alumnos/as nas enquisas. Con respecto á crítica dun/ha estudante sobre as prácticas de laboratorio, o coordinador de Zooloxía I non comparte os apelativos feitos, pero si indica que pode haber certos problemas con esta actividade posto que é impartida por diferente profesorado e tamén por bolseiros/as do departamento. Isto pode ser motivo de que haxa diferenzas no desenvolvemento dos diferentes grupos e que tal vez non todo o profesorado encargado amose o suficiente interese, dedicación pola docencia impartida, grao de coñecementos e capacidade de comunicación co alumnado.

Xenética II

A coordinadora da materia, **profa. Viñas**, indica que normalmente os casos de incumprimento do horario de terminación das súas clases eran debidos a que o profesor anterior terminaba normalmente tarde tamén, o que facía que ela se retrasase para non perder tempo de docencia. Espera corrixilo, sempre e cando poida comezar as súas clases normalmente.

Bioxeoquímica

A **profa. Monterroso** sinala, como indican os/as estudantes, que si pode haber certas diferenzas en nivel de contidos e dificultade no caso dos seminarios. En concreto, sobre as críticas ao primeiro seminario indica que se ve forzada a dedicar as dúas horas sobre todo á explicación do manexo do “Excel”, tratamento dos datos e os varios formatos de presentación que permite, xa que atopa unha carencia importante de coñecementos de informática básica no alumnado. A propia programación desta actividade leva implícita que despois do traballo na aula os/as alumnos/as deben dedicar outras dúas horas de traballo persoal, de xeito que o feito de que teñan que terminalo pola súa conta é normal. Sobre a comprensión e utilidade desta actividade, di que foi explicada nunha temática propia da Bioxeoquímica (con datos específicos) pero que, lóxicamente tamén é extensible a calquera materia. Polo tanto di que non comprende que non vexan a utilidade dese seminario, e que mesmo trala súa realización algúns/has alumnos/as lle indicaron que lles parecera de moita utilidade. Neste aspecto, todo o profesorado presente sinala que explicar e traballar o manexo de este programa informático é moi valioso para calquera alumno/a e consiste nunha habilidade transversal fundamental para o/a graduado/a.

En relación aos comentarios dun/ha estudante do grupo B sobre a pouca

utilidade das actividades interactivas, a **profa. Monterroso** cre que se pode tratar dun/ha alumno/a de Dobre Grao, xa que ten notado como para estes/as, con máis base química e matemática, as prácticas desta materia e algúns seminarios lles quedan curtos ou de baixo nivel con respecto ao que xa levan cursado (tendo en conta tamén que este alumnado leva tres anos na universidade). Pola súa experiencia, os grupos formados eminentemente por alumnado de Dobre Grao son diferentes ao resto e reitera a necesidade de que este alumnado estea mesturado cos de Bioloxía.

A **profa. Monterroso** reconece que na materia que coordina hai bastante carga interactiva, repartida en pequenos traballos e actividades ao longo do curso, pero que non queda todo para o final de curso (salvo o xa comentado no caso dalgúns grupos concretos). Non comparte en absoluto a opinión dalgúns/has alumnos de que a parte interactiva supoña “moito traballo para pouca nota”, posto que supón o 40% da nota final, aínda que teñen que facer exame e sacar un mínimo de 5. Neste sentido, coméntase polo profesorado a sensación de que o alumnado en xeral moitas veces só considera “útil” as actividades que son materia de exame, aínda no caso de que teñan en si mesmas unha avaliación para a nota final. Isto podemos observalo nos comentarios nesta materia, sobre as prácticas de Zooloxía II e nos seminarios de Bioquímica II. Para rematar, a **profa. Monterroso** agradece os comentarios eloxiosos sobre o congreso en Bioxeoquímica xa que foi unha tarefa laboriosa, tanto para o alumnado como para o profesorado da materia, pero que foi ben acollida polos/as estudantes.

Bioquímica II

Aínda que non puido asistir á reunión, o **prof. Gómez-Márquez** enviou ao coordinador de curso as súas opinións con respecto aos comentarios do alumnado nas enquisas. Engádesse a continuación unha tradución literal ao galego desta mensaxe de resposta (*).

- 1) O que digan 3 alumnos, por moi respetable que sexa, non debería ter validez para soste con fundamento unha crítica sobre a cantidade de temario e a carga de estudo.*
- 2) Nos seminarios dedicouse moito tempo a explicar sinalización celular para mellorar a formación dos alumnos/as nese tema tan importante. Precisamente, para non cargalos con máis materia díxenlles aos estudantes que só se avaliaría aquilo que se explicase nas clases de teoría. É dicir que foron seminarios-clases dirixidas á súa formación que*

non foron obxecto de avaliación nun 90%.

- 3) *Efectivamente non hai información na USC virtual. Isto cambiará no vindeiro curso.*
- 4) *Non se poden tomar en consideración críticas sen probas e provoca unha grande indefensión no profesor. Pídlle ao coordinador de curso que ante acusacións como as que se fan sobre a miña forma de dar a clase lles pida aos estudantes que sexan moito máis concretos. Por outra parte, as apreciacións subxectivas son iso, subxectivas.*
- 5) *O alumno/a que di que non se cumpriu a guía docente que aporte probas, se non é así que se cale e deixe de calumniar.*

(*) NOTA DO COORDINADOR DE SEGUNDO: Como coordinador do curso, xa que lles pedimos opinión aos alumnos/as, creo que é unha obriga recoller nestes informes todos os comentarios que fagan, sempre que sexan razoables e respectuosos. Eu sempre procuro indicar o número de comentarios recollidos sobre cada tema co fin de ter en consideración a representatividade desa opinión con respecto ao total de alumnado. O anonimato das enquisas tamén pode favorecer que se digan algunhas cousas pouco exactas ou sen contrastar. Pero en xeral moitas das observacións poden facernos reflexionar sobre a nosa actividade na aula. Efectivamente, comparto co prof. Gómez-Márquez que algunhas cuestións reflectidas nestes comentarios deberían ser máis precisas e tamén considero que ás veces o alumnado utiliza as enquisas para “desafogarse” contra algúns/has profesores/as, co que ás veces se desvirtúa a súa función de coordinación da docencia. Existen outras canles de protesta contra o labor dun/ha docente.

Terceiro Curso

Non se produciron incidencias de relevancia durante o semestre neste curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Se recolleron no mes de Maio un total de 100 enquisas, das que 52 correspondían ao Grupo A e 48 ao Grupo B. Este número é significativamente maior ao número de enquisas recollidas no curso 17/18 (57) e 18/19 (58). Destas, un total de 15 tiñan comentarios na sección Observacións e suxestións (5 no grupo A e 10 no grupo B). A porcentaxe de enquisas con comentarios é moito menor que noutros anos.

Como se acordou en reunións previas, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Tampouco se tiveron en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas. A pesar de non existir diferenzas importantes na cualificacións entre os a valoración media dos items 1-8 foi maior no grupo B que no grupo A.




Figura 1.- Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas con menos dun 50% de respostas (valor 0 ou branco).

Todas as materias, melloraron a súa valoración en comparación cos resultados obtidos no curso 17/18 excepto a materia Microbioloxía II, na que se presenta unha lixeira tendencia descendente dende o curso 16/17.




Figura 2.- Evolución da valoración xeral das materias (ítems 1-8) do segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 16/17, 17/18 e 18/19 e, nos que se utilizou a mesma enquisa.


En canto aos comentarios xerais, as enquisas coinciden en poucos comentarios, aínda que varias delas comentan que tiveron unha acumulación de traballos e informes ao final do cuadrimestre. Aparecen comentarios puntuais sobre a necesidade de ter máis tempo entre o remate das clases e o inicio dos exames e dobre a posibilidade de realizar exames parciais eliminatorios nas materias Antropoloxía, F.A, Comparada e Microbioloxía II.

Valoración das materias.

Tanto no caso dos comentarios xerais como nos comentarios de cada unha das materias, tivéronse en conta só aqueles comentarios nos que coincidían a lo menos 2 estudantes.

Antropoloxía Biolóxica (Coordinador: Prof. José L. Blázquez Caeiro)

Contestaron a enquisa un total de 84 alumnos para esta materia. A valoración media das respostas foi de 2,62 tendo en conta as preguntas 1-8 e 2,48 tendo en conta as preguntas 1-10. Non se considerou para a realización das medias os valores das preguntas 4, 6 e 7 ao non acadar un 50% de respostas (en branco na figura).




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

A representante do grupo B comenta que o desenvolvemento das prácticas foi correcto. Aparece un comentario apreciativo sobre a boa organización das clases e boa dispoñibilidade do Prof. Encargado da materia neste curso. Comentase tamén un solapamento entre os contidos do Tema 7 desta materia con contidos da materia Xenética Evolutiva.

Ecoloxía II (Coordinador Prof. Jesús Aboal Viñas)

Contestaron a enquisa un total de 100 alumnos para esta materia. A media dos items 1-8 foi de 2,77, mentres que para os items 1-10 foi de 2,62. Non se tivo en conta o valor da pregunta 7 por non acadar o 50% de respostas (en branco na figura).




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

En canto aos comentarios nas enquisas, aparecen comentarios puntuais sobre que os seminarios xeran moita carga de traballo. Recomendase que non todos os grupos de seminario fagan os mesmos exercicios, xa que os grupos que o fan primeiro vense prexudicados. O Prof. Aboal puntualiza que os exercicios dos seminarios serven para repasar a materia e non se xeran contidos a maiores, pero que requiren que os estudantes leven a materia ao día, o que pode ser a causa do comentario. Tamén indica que ultimamente xa se cambianron os exercicios entre os grupos para evitar que os últimos leven preparadas as respostas. A representante do grupo A comenta que existe un consenso xeral sobre a satisfacción co desenvolvemento desta materia.

Fisioloxía Vexetal II (Coordinadora: Profa. Gloria Revilla López)

Contestaron a enquisa un total de 71 alumnos para esta materia. Nesta materia a valoración dos items 1-8 foi de 2,63, mentres que para os items 1-10 foi de 2,65. Para o cálculo das medias non se utilizou a pregunta 7, xa que non acadou un 50% de

respostas. A petición da coordinadora, coma en informes anteriores, non se inclúen os resultados da pregunta 7 na figura.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Non aparecen comentarios significativos nas enquisas excepto un comentario puntual sobre unha distribución desequilibrada do tempo entre a materia que imparten as dúas profesoras encargadas da materia.

F.A. Comparada (Coordinador: Prof. Manuel Aldegunde Villar)

Contestaron a enquisa un total de 70 alumnos para esta materia. A materia acadou unha puntuación media de 2,28 para os items 1-8 e 2,42 par os items 1-10. Non se tiveron en conta a valoración das preguntas 4, e 7 por non acadar o 50% das respostas (en branco na figura). E salientable a baixa puntuación acadada no item 6 sobre a utilidade dos seminarios para o desenvolvemento da materia.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).


Aparece un número significativo de comentarios (7) sobre a mala organización e carencia de coordinación nos seminarios entre os profesores responsables. Varias enquisas abundan tamén en que o traballo acumulouse cara o final do curso. Dúas enquisas comentan dificultades a hora de preparar a memoria de prácticas ao non existir un modelo claro para facelo, e tamén se comenta que sería adecuado que logo de entregar as memorias os profesores explicaran os resultados esperados. A representante do Grupo A comenta que atoparon a dificultade do exame non proporcional aos contidos impartidos na clase, en concreto na parte do Profesor Miguel López. Aparece solo unha enquisa sobre dificultades no trato co alumnado do Prof. López. Cando se lle preguntou por este tema, que xa xurdira en cursos anteriores, a representante do grupo B comenta que o trato foi correcto, polo menos no seu grupo, aínda que pouco afable.

O coordinador da materia comenta que a metodoloxía proposta e a realización das memorias de prácticas e a mesma todos os anos, e nunca tiveron problemas

neste sentido. Revisarase cos profesores responsables a organización dos seminarios do final do programa por se houbera incidencias que motivaran as queixas dos estudantes.

Microbioloxía II (Coordinadora: Profa. Alicia Estevez Toranzo)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 75. A media total da materia foi 2,44 se se teñen en conta toas as preguntas e de 2,32 se se teñen en conta as preguntas 1-8. Para o cálculo destes valores non se tiveron en conta os valores da pregunta 7, para as que non se acadou un 50% de respostas (en branco na figura). É salientable a baixa puntuación acadada no item 6 sobre a utilidade dos seminarios para o desenvolvemento da materia.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Dúas enquisas recollen comentarios sobre a falta de utilidade dos seminarios.

REUNIÓNS COS/AS REPRESENTANTES DOS ALUMNOS/AS

O día 21 de Maio se mantivo unha reunión coa representante do grupo B (Alicia Redondo Gutiérrez), na que transmitiu algúns comentarios xerais sobre o desenvolvemento das materias do segundo cuatrimestre. A representante do grupo A, Carla Coedo Costa remitiu os seus comentarios por escrito. As opinións expresadas polas representantes incluíronse nos respectivos apartados, xunto coas opinións reflectidas nas enquisas no apartado Observacións e suxestións.

REUNIÓNS COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS


O día 28/10/2019 celebrouse unha reunión cos coordinadores das materias para a revisión dos datos das enquisas e borrador do informe, a que asistiron os Profesores Manuel Aldegunde Villar (F.A. Comparada), Alicia Estevez Toranzo (Microbioloxía II), e Aboal Viñas (Ecoloxía II). Non participou a coordinadora de Fisioloxía Vexetal II Profa. Gloria Revilla, por encontrarse de baixa laboral, nin o coordinador da materia Antropoloxía biolóxica Prof. José L. Blázquez Caeiro. Os comentarios dos coordinadores sobre os resultados xerais das enquisas e sobre as observacións e suxestións incluíronse tamén nos respectivos apartados.

Non houbo comentarios xerais sobre o desenvolvemento das tarefas docentes no período. O Prof. Aboal solicita que se transmita a os profesores das materias de Botánica a necesidade e conveniencia de que se lles transmitan coñecementos específicos para a identificación das árbores autóctonas de Galicia aos estudantes, xa que se trata de coñecementos importantes en xeral para un biólogo e ademais fundamentais para o completo desenvolvemento das actividades das materias de Ecoloxía.


Cuarto Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS


As enquisas foron pasadas ao rematar o exame de primeira oportunidade da materia Redacción e Execución de Proxectos, co fin de que os alumnos poideran valorar o mellor posible o apartado da enquisa relativo á avaliación. Cubríronse 72 enquisas (o modelo preséntase no Anexo I), das cales 38 corresponderon ao grupo A, 32 ao grupo B e 2 non estiveron asociadas a ningún grupo, xa que os alumnos non identificaron o grupo ao cal pertencían. O maior número de enquisas correspondeuse coa materia troncal (Redacción e Execución de Proxectos, n=71), e o menor número coas materias optativas de Zooxeografía (n=19), Bioquímica Clínica (n=18), Enxeñaría Xenética (n=18) e Biotecnoloxía Vexetal (n=13).




Todos os items foron valorados como 0 (non procede), 1, 2 e 3. Os parámetros nivel de esforzo (item 9; 1 baixo, 2 medio, 3 alto) e Nº de horas semanais (item 10; 1, < 3 horas; 2, 3-6 horas; 3, < 6 horas) tiveron unha elevada correlación (ver gráfica), polo que recollen información redundante.




O nivel de esforzo promedio das materias do segundo semestre foi de $2,31 \pm 0,45$ (media \pm SD), e o N° de horas semanais $2,09 \pm 0,42$ (media \pm SD; 3-6 horas semanais en promedio por materia), existindo dispersión nos datos (CV= 19,5% e 20,1%, respectivamente). Iso é debido a que existen tres grupos de materias: Un formado por Enxeñería Xenética e Bioquímica Clínica, que son as materias que requiren un maior esforzo/N° de horas semanais para a súa superación (2,72 e 2,67, respectivamente); un segundo constituído por materias como Zooxeografía (2,22), Biotecnoloxía Vexetal (2,15), Biodiversidade Animal e Conservación (2,03) e Evolución Humana (2,00), que esixen ao os estudantes un nivel de esforzo/N° de horas semanais intermedia; finalmente, un terceiro grupo de materias formado por aquelas que segundo os estudantes esixen un menor esforzo/número de horas de dedicación: Xeobotánica (1,87), Xenética Humana (1,72) e Proxectos (1,39). Preséntase a continuación o gráfico do N° de horas de dedicación semanal:



Como se pode apreciar na seguinte figura, detectouse tamén unha clara relación inversa entre o número de enquisas recollidas e o número de horas de dedicación á materia, algo que non foi atopado nas materias do primeiro semestre.



Para obter a puntuación promedio das materias na enquisa tivéronse en conta soamente as valoracións das preguntas 1-8, dado que a 9 e 10 refírense ao esforzo que supoñen as materias para o alumno. A dispersión das notas das materias foi máis baixa, cunha nota media \pm SD de $2,34 \pm 0,28$ (CV = 11,97%). Prácticamente todas as materias superaron unha puntuación global de 2, coa única excepción de Zooxeografía, cunha nota promedio de 1,77. Dúas materias (Bioquímica Clínica e Enxeñería Xenética) superaron no curso 2018-19 os 2,5 puntos (2,78 e 2,54, respectivamente).




As notas das materias parecen correlacionar sobre todo (Spearman) co nivel de formación que o alumno percibe que recibiu unha vez terminada a materia ($\rho =$

Informe Coordinación 2º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía

0,950, $p < 0,001$), co cumprimento da guía docente ($p = 0,933$, $p < 0,001$), cos seminarios ($p = 0,857$, $p = 0,006$) e coas titorías ($p = 0,850$, $p < 0,001$), pero non con outros items avaliados (prácticas, temario, redundancias, esforzo, número de horas de dedicación). Tamén parece haber unha relación inversa entre o número de enquisas recollidas e a puntuación que reciben as prácticas da materia ($p = -0,829$, $p = 0,01$).

Como se pode apreciar na seguinte figura, o item mellor valorado foi o 1 ("axuste das actividades ao reflectido pola guía docente") ($2,55 \pm 0,35$), seguido do 5 ("as clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia") ($2,52 \pm 0,19$), o 2 ("o temario impartido axústase ao programa establecido") ($2,51 \pm 0,32$), e o 8 ("a docencia da materia mellora a miña formación") ($2,40 \pm 0,39$). O item peor valorado é, novamente, o número 4, referido ás titorías obrigatorias ($2,07 \pm 0,38$); de feito, algúns estudantes non contestan este item (valor 0) aínda que na guía docente da materia figuran como actividade docente.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

En canto as observacións dos estudantes, non houbo comentarios en relación coa propia enquisa, pero sí dous sobre cuestións xerais sobre o curso. Así, un estudante pensa que sería máis proveitoso empregar o tempo da materia de Proxectos no TFG ou en preparar outras materias. O segundo se refire a carga de trabalo. Para este alumno/a as materias esixen unha densidade de traballos moi elevada tendo en conta as horas de seminarios, expositivas e prácticas. Non hai

tempo suficiente para facer tantos traballos, exposicións e acudir as clases presenciais. Os alumnos terminan esgotados e sen tempo para estudar ou facer outra actividade en casa. Debería modificarse e aumentar a carreira un ano máis para que os alumnos poidan encarala con outra actitude e obter mellores resultados. Finalmente, os alumnos fixeron unha serie de comentarios sobre cada materia en particular (seguinte sección), pero en xeral menos extensos que en outras ocasións. A continuación son presentados os resultados segregados para cada materia en particular.


Redacción e Execución de Proxectos (coordinador: Carlos Amiama Ares)

Nº enquisas total: 71, nota promedio $2,28 \pm 0,39$, Nº de horas 1,39.

Existen dez queixas en relación con esta materia. Así, o temario non se axusta aos coñecementos previos que poden ter os estudantes de Bioloxía. Tamén non ven axeitada a materia de Proxectos para o Grao de Bioloxía e piden que se enfoque algo máis ao ámbito da Bioloxía para que os alumnos a atopen máis útil. Non lle ven utilidade para a formación dos biólogos (especialmente no ámbito de cuarto de carreira) ou aplicación do xeito que se da (difusa, sen contexto). Perciben Proxectos como unha perda de tempo e una carga en cuarto curso, pero non por culpa dos docentes, que intentan melloralos. Non se aprenden cousas útiles en Proxectos, xa que se da un pouco en cada parte e non se chega a comprender ben a maioría das cousas; é importante ter coñecementos de economía, pero non é o xeito adecuado.

Ademáis, perciben o módulo de proxectos como algo informativo, como que están, pero debería impartirse nun curso inferior (non en cuarto) e non para ter que examinarse (a materia de proxectos podería avaliarse sen ter que realizar un exame final). En canto aos módulos de contabilidade e finanzas, pensan que son demasiado breves e ao final non acaban aprendendo nada; un alumno incluso indica que non debería impartirse a parte de Contabilidade nin a de Finanzas. Tamén que o nivel de contabilidade e finanzas esixido foi elevado, e houbo problemas coa docencia en contabilidade (gracias a profesora de finanzas, a expensas de perder horas das súa parte, os alumnos puideron comprender certos temas de contabilidade).

Informe Coordinación 2º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

Evolución Humana e Diversidade Molecular (coordinador: Javier Rodríguez Luís)

Nº enquisas 36, nota promedio $2,18 \pm 0,22$, Nº de horas 2,00.

En relación ao exame parcial, un único alumno fixo un comentario referido ao nivel esixido durante a corrección do exame parcial, que segundo el/ela non se correspondeu nin a materia nin a docencia impartida, sendo perxudicial para todos os alumnos.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

Biodiversidade Animal e Conservación (coordinador: Jesús Domínguez Conde)

Nº enquisas 33, nota promedio $2,33 \pm 0,35$, Nº de horas 2,03.

Un alumno queixouse da avaliación da parte práctica da materia no sentido de que soamente se tiña en conta un breve traballo escrito que non reflectía todo o traballo de campo que se debía realizar.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

Bioteecnoloxía Vexetal (Coordinadora: María Ángeles López Rodríguez)

Nº enquisas 13, nota promedio $2,33 \pm 0,43$, Nº de horas 2,15.

Segundo un alumno/a os seminarios para facer un debate non foron moi proveitosos e a materia esixe bastante para ser 4.5 ECTS (**Nota do coordinador de 4º:** *Na guía docente da materia do curso 2018-19 hai clases teóricas, prácticas e titorías, pero non están descritos seminarios, razón pola cal o pregunta 6 non foi valorado na enquisa para esta materia, como se pode ver na gráfica inferior).*



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido


Informe Coordinación 2º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía

- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

Bioquímica Clínica (Coordinador: Francisco Javier Salgado Castro)

Nº enquisas 18, nota media $2,78 \pm 0,16$, Nº de horas 2,67

Un alumno/a sinala que o blog de Bioquímica Clínica é unha mala idea.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

Xeobotánica (coordinador: Javier Ángel Guitian Rivera)

Nº enquisas 34, nota promedio $2,49 \pm 0,13$, Nº de horas 1,87.

Esta materia non tivo comentarios por parte dos alumnos.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido


Informe Coordinación 2º semestre (curso 2018-2019) Facultade de Bioloxía

- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

Enxeñería Xenética (coordinador: Guillermo Covelo Artos)

Nº enquisas 18, nota promedio $2,55 \pm 0,23$, Nº de horas 2,72.

Un alumno comentou que os seminarios para facer un debate non foron moi proveitosos e tamén que a materia esixe bastante para ser 4.5 ECTS




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
